

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN

DATA DE APROBACION: Outubro 2019

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**
- 2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES**
- 3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS**
- 4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**
- 6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**
- 7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCAIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.**
- 8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAISOU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**
- 9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIA.**
- 10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**

1.XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Os cambios e transformacións que se veñen producindo na sociedade actual conforman unha realidade educativa cada vez máis diversa e complexa de abordar dende o ámbito escolar.

A diversidade é unha realidade social e polo tanto unha realidade en cada centro educativo. Cada neno é singular e, en consecuencia, así debe ser considerado á hora de planificar e poñer en marcha o proceso de ensino-aprendizaxe. Educar na diversidade supón : ensinar a cada alumno segundo as súas características, establecer os mecanismos e usar os recursos que permitan o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, dar as respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais, pensar nun currículo aberto, recoñecer e valorar as distintas culturas e orixes, implicar a toda a comunidade, poñer a disposición do alumnado todos os medios posibles, rexerse polos principios de integración e normalización... Neste sentido, conleva que todo o profesorado deseñe actuacións que teñan como obxectivo adaptarse ás necesidades educativas de cada alumno/a.

En consecuencia, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, non só para aquel con necesidades específicas de apoio educativo, e debe establecer criterios para os apoios e actuacións educativas, tendo en consideración a dotación de recursos.

O contexto legal no que enmarcamos estas ideas é o seguinte:

A LOMCE, Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa establece entre os seus principios:

- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación.
- A inclusión educativa.
- A igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais , económicas e sociais , con especial atención ás que deriven de calquera tipo de discapacidade.

O DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia fai referencia expresa a:

- “*A diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno e alumna; da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.*”
- “*A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e a súa*”

preparación para convivir e participar , de forma autónoma nunha sociedade democrática.

- “*A atención educativa á diversidade concíbese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.*”

Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que contemplan a pluralidade de tod@s e cada un dos alumnos e alumnas do centro.

- “ *O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables. A atención deste alumnado, considerado con necesidade específica de apoio educativo na Lei orgánica 2/2006, de educación, deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada.*

En consecuencia, **ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación** á hora de organizar a atención educativa do alumnado, polo que os centros educativos deberán ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos, no marco dos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade.

Para dar una atención adecuada da diversidade é fundamental partir de que: “**TODO O ALUMNADO TEN NECESIDADES E TODO O PROFESORADO DEBE PARTICIPAR NA RESPONSTA EDUCATIVA**”. A responsabilidade de atender á diversidade é de todo o profesorado, e de toda a comunidade educativa.

Para poder levar a cabo esa atención educativa á é importante:

- Coñecer as diferentes vías e medidas de resposta á diversidade que contempla o sistema educativo nas etapas de Infantil y Primaria.
- Manter sempre unha actitude positiva cara ás necesidades de todos os alumnos/as cun propósito constante de continuar na mellora da calidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

Así pois será o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), o que definirá as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e a adecuación da resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado do centro. Ao comezo de cada curso escolar, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas distintas actuacións e medidas concretas, que debe formar parte da programación xeral anual, de conformidade coas necesidades do centro e os recursos dos que se dispoña.

Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro (de acordo co artigo 13.2 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

O CEIP Emilia Pardo Bazán atópase na cidade da Coruña e presenta unha grande diversidade no seu alumnado. Actualmente hai matriculados uns 650 alumnos e alumnas. É un centro de liña tres con 9 aulas de E.I, 18 de E.P. E 1 de E.E.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A LOE (Lei Orgánica de Educación, 2/2006) e a LOMCE, Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establecen a atención á diversidade como principio fundamental, que debe rexer todo o ensino básico co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características.

O primeiro paso dende o centro educativo, será detectar esas necesidades do alumnado para así dar unha resposta educativa axeitada.

Podemos considerar que todos os alumnos, nalgún momento da súa etapa escolar, presentan necesidades educativas, pero ocorre que algúns requiren axuda permanente, outros temporalmente e outros puntualmente.

Entendemos que a causa das dificultades no está exclusivamente no alumno, senón tamén na escola, no medio social, familiar, e no nivel de resposta que desde estes ámbitos se da a eses problemas. Por iso, as necesidades educativas non deben entenderse como una característica inmutable, propia do alumno, senón como relativas, temporais, interactivas e ligadas a una acción educativa axeitada as necesidades específicas do alumnado.

ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

Na LOE inclúese o termo **ANEAE** entendéndose como os alumnos “[...]que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar

- Necesidades educativas especiais (**NEEs**) derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta.
- Dificultades específicas de aprendizaxe.
- Trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Altas capacidades intelectuais.
- Alumnado que se incorpora tardiamente ó sistema educativo.
- Alumnado con condicións persoais ou de historia escolar desfavorecidas.

2.1 PROCESO DE VALORACIÓN INDIVIDUALIZADO DE NECESIDADES.

- Avaliación inicial : mes de setembro
- Avaliación continua: ao longo do curso
- Avaliacións periódicas: sesións trimestrais de avaliación da aprendizaxe do alumnado e da práctica docente.
- Avaliación psicopedagóxica: ao longo do curso
- No período de solicitude de praza para ANEAE
- Para ditame de escolarización
- Avaliación diagnóstica: Alumnado de 3º de EP e 6º de educación primaria.
- Avaliacións realizadas por profesionais externos ao centro: ao longo do curso (EOE, ámbito clínico, profesionais privados...

AVALIACIÓN A NIVEL DE CENTRO ESCOLAR			Contacto con PROFESIONAIS EXTERNOS
	TITOR +equipo docente	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	
S E T E M B R O	<p>-Avaliación inicial</p> <p>-Elaboración de plan de reforzo para o alumno que repite curso ou promociona con áreas pendentes.</p>	<p>-Avaliación inicial de ACNEAE de nova incorporación ao centro.</p> <p>-Avaliación inicial de ACNEAE que xa estaba escolarizado</p> <p>-Organización dos apoios de PT/AL/ATE</p> <p>-Derivación aos centros cívicos municipais</p>	<p>-Cento cívico Municipal</p> <p>-Profesionais privados que atenden ao noso alumnado:</p>
1º trimestre	<p>-Medidas de reforzo e/ou apoio aos alumnos que o precisen (colaboración das familias)</p> <p>-Colabora na elaboración do plan de intervención para ACNEAE</p> <p>-Elaboración de ACIS</p>	<p>-Avaliación inicial de alumnado de nova incorporación con sospeita de NEAE</p> <p>-Solicitude de intervención do EOE</p> <p>-Elaboración do plan de intervención para alumnado con NEAE.</p> <p>-Colaboración na</p>	<p>-EOE</p> <p>-Profesionais privados que atenden ao noso alumnado:</p>

		elaboración de ACS	
AO LONGO DO CURSO	<p><i>-Avaliación continua e global</i></p> <p><i>-Avaliación de alumnado de nova incorporación e/ou incorporación tardía.</i></p> <p><i>-Revisión das medidas de reforzo e apoio ao seu alumnado. No caso de non ser suficientes pode solicitar a intervención do DO mediante a derivación correspondente.</i></p>	<p><i>-Avaliación de alumnado de nova incorporación con sospeita de NEAE.</i></p> <p><i>-Avaliación de alumnado para o que as medidas de reforzo e apoio non están a ser suficientes para seguir o currículo ordinario</i></p>	<p><i>-EOE</i></p> <p><i>-UAT</i></p> <p><i>-Profesionais privados que atenden ao noso alumnado.</i></p>
Marzo		<i>-Avaliación inicial de alumnado para o que se solicita reserva de praza de ACNEAE</i>	<i>-EOE</i>
MAIO	AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DO ALUMNADO DE 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA		
Decembro / marzo/ xuño	<p><i>-Avaliación trimestral da aprendizaxe do alumnado</i></p> <p><i>-Avaliación da práctica docente</i></p> <p><i>-Revisión das medidas de reforzo e /ou/ apoio</i></p>	<p><i>-Participa nas sesións de avaliación trimestral</i></p> <p><i>-Revisión das medidas de apoio de PT/AL, temporalización, modalidade..</i></p>	
XUÑO	<p><i>-Decisión sobre repetición do alumno, oído o equipo docente e informados os pais.</i></p> <p><i>-Revisión de ACI</i></p>	<p><i>-Participa coa súa opinión na decisión de repetición e/ou promoción do alumnado.</i></p> <p><i>-Colabora na revisión de ACs</i></p>	
AVALIACIÓN POR PROFESIONAIS EXTERNOS AO CENTRO			

2.1.1. Avaliación inicial: a identificación temperá das necesidades

“Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno” (Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de primaria).

Cando un profesor/a recibe un novo grupo de alumnos na súa titoría, informarase sobre as posibles necesidades do seu grupo de alumnos, **revisando** os expedientes e os informes do curso anterior, e tendo unha reunión de coordinación con dito titor/a ao comezo do mes de setembro, sempre que sexa posible. (Posibilidade de que se programe dende o equipo directivo).

- O departamento de orientación colaborará na avaliación inicial do alumnado e no deseño do plan de intervención co alumno/a, no caso de que ese grupo conte con alumnado:
 - Que inicia a súa escolarización con praza para ACNEAE
 - Que ten diagnóstico ou aproximación diagnóstica de ANEAE/ANEE
 - Que recibise apoio de profesorado especialista de PT e /ou AL no curso anterior, agás que fose dado de alta.
- No caso de que durante a avaliación inicial o profesorado detecte sospeitas de que algún alumno/a poida presentar NEAE, poderá solicitar unha valoración ao Departamento de Orientación, cumprimentando o correspondente protocolo, unha vez informados os pais do alumno/a e que estes amosaran por escrito a súa conformidade.
- No caso de que o profesorado titor detecte certas dificultades de aprendizaxe nalgún dos alumnos/as do grupo, realizará unha valoración das mesmas e do contexto de ensino-aprendizaxe, e porá en marcha medidas ordinarias para intentar resolver ditas dificultades. Informará a familia das medidas a tomar e se é posible pedirá a súa colaboración.
- No caso de alumnado repetidor, ou de alumnado que promociona con áreas suspensas, será especialmente importante detectar cales dos obxectivos mínimos que o alumno/a non acadou.. Informará a familia dos obxectivos prioritarios a traballar co alumno/a, das medidas a tomar e sempre que sexa posible pedirá a súa colaboración. (Sería moi importante que no informe final de nivel do curso anterior, se especifiquen detalladamente eses obxectivos).
- No caso de que un alumno se incorpore unha vez iniciado o curso, o profesorado titor realizaralle a correspondente avaliación inicial.

2.1.2. Avaliación continua

- Decreto 130/2007(art 8, punto 4) “Se no proceso de avaliación continua se advertise que un alumno ou alumna non progresa adecuadamente, o centro

educativo, tan pronto detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará medidas de reforzo educativo coa finalidade de que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.”

- Decreto 130/2007(artigo 15, punto 2) “No proceso de avaliación continua, en canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, o centro educativo deberá poñer en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren máis convenientes”.

Actuacións do profesorado titor

- Cando os titores, en calquera outro momento ao longo do curso no proceso de avaliación continuada (observación na aula, e a constatación do traballo e rendemento do alumno...) detecten dificultades de aprendizaxe nun alumno realizarán unha valoración das mesmas e do contexto de ensino-aprendizaxe, e porá en marcha medidas ordinarias para intentar resolver ditas dificultades. Informará a familia das medidas a tomar e sempre que sexa posible pedirá a súa colaboración.
- O titor/a poderá solicitar, se o estima preciso unha valoración e/ou avaliación psicopedagóxica ao Departamento de Orientación das necesidades educativas do alumno/a, mediante o correspondente protocolo, tras informar aos pais do alumno/a e de que estes amosaran por escrito a súa conformidade:
 - Cando as medidas adoptadas non resolvan as dificultades de aprendizaxe do alumno, o profesor/titor, tras informar aos pais do alumno/a, da súa intervención e valoración do caso.
 - Sospeita de altas capacidades nalgún dos alumnos/as.
 - Sospeitan dun posible trastorno, na atención, na conduta, dificultades específicas de aprendizaxe, retraso madurativo... nalgún dos alumnos/as do seu
 - No caso de que unha vez iniciado o curso haxa incorporacións de alumnado con posible NEAE, tamén poderá solicitar a intervención do Departamento de Orientación.
 - No caso de que se incorpore un alumno inmigrante que descoñeza as dúas linguas oficiais da comunidade, o equipo de orientación xunto co profesorado titor e a posible colaboración do profesorado de inglés, no caso de que o alumno/a coñecese ese idioma, realizarían a avaliación inicial, unha vez informados da incorporación do alumno polo equipo directivo do centro.

2.1.3 .Avaliacións periódicas: sesións trimestrais de avaliación

“En cada sesión de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
- Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado

de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.

- Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Clima de traballo na aula.
- Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

Na segunda sesión de avaliación trimestral, poderanse tomar as decisións sobre a solicitude de flexibilización do período de escolarización.

Na terceira e derradeira sesión de avaliación do curso, ademais dos aspectos anteriores, tomaranse decisións sobre:

- Decisións sobre a promoción /repetición.
- Revisión de superación de obxectivos da ACS/ Superación da ACS
- Listado de alumnado proposto para reforzo para o curso seguinte.
- Modificacións nas medidas a aplicar para o curso seguinte co alumnado con NEAE que está recibindo apoio PT e/ou AL.
- Alumnado proposto para elaboración de ACS.
- Concreción no informe de avaliación individual final dos estándares de aprendizaxe non acadados polo alumnado que repetirá curso e para o que promociona con áreas pendentes.

2.1.4. Avaliación diagnóstica

Cada curso realizarase a avaliación diagnóstica do alumnado de 3º de educación primaria nos termos establecidos pola administración educativa.

2.1.5. Avaliación psicopedagóxica: o proceso da valoración individualizada das necesidades

“Enténdese por avaliación psicopedagóxica o proceso de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de identificar as necesidades educativas de determinados alumnos que presentan ou poden presentar desaxustes no seu desenvolvemento personal ou académico, e poder fundamentar as decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis adecuada, a proposta de flexibilización do período de escolarización, a elaboración de adaptacións curriculares, a proposta de diversificacións do currículo, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e profesional e cantos outros aspectos que aqueles poñan precisar para progresar no desenvolvemento armónico das súas capacidades”

-A avaliación psicopedagóxica

Constitúe, polo tanto, un proceso de recollida de información acerca das características individuais do alumno e do seu contexto sociofamiliar e escolar que resulte relevante para axustar a resposta educativa as súas necesidades.

- A avaliación deberá ser realizada polo xefe/a do departamento de orientación, pero dado que trascende este ámbito, deben colaborar nela o profesorado e os

profesionais que participan directamente no proceso de ensino-aprendizaxe do alumno/a. (No caso de que así se considere tamén se poderá solicitar a colaboración do especialista correspondente do EOE.)

-O informe psicopedagógico

- As conclusións derivadas da información obtida, recolleráanse nun **informe psicopedagógico**, no que deberá constar da forma máis completa posible a situación evolutiva e ducativa actual do alumno/a a concreción das súas NEAE, e no seu caso, a proposta curricular e o tipo de apoio que pode precisar durante a súa escolarización.
- Informarase ao mestre-titor/a, a familia e á Xefatura de Estudos sobre as conclusións obtidas. Arquivarase no DO.
- Debemos recordar que dito informe ten carácter confidencial polo que se debe gardar a preceptiva garda e custodia.

- Realizarase avaliación psicopedagóxica:

- Para detección de necesidades específicas de ACNEE.
- Para a decisión sobre medidas extraordinarias (AC, flexibilización)
- No período de solicitude de praza para ACNEAE
- Para ditame de escolarización.
- Para cambio de modalidade de escolarización.
- Sospeita de ANEAE (por altas capacidades, dificultades específicas de aprendizaxe...,TDAH, inmigrantes de escolarización tardía que presenten desfase curricular igual ou superior a dous cursos....)
- Cando as medidas ordinarias de atención á diversidade resulten insuficientes para que un alumno/a supere as súas dificultades.

-Ditame de escolarización

O *ditame de escolarización* para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo *realízase*, no caso de que se consideren necesarios recursos extraordinarios de atención educativa ou ben unha modalidade de escolarización distinta da ordinaria, nas seguintes situacións:

- a) Alumnado de nova incorporación ao sistema educativo.
- b) Alumnado que comeza un novo tipo de ensinanzas.
- c) Alumnado para quen se propón un cambio na súa modalidade de escolarización.
- d) Outras situacións de carácter excepcional que a Administración educativa considere.

O *ditame de escolarización* consiste nun informe persoal dunha alumna ou dun alumno

elaborado polos servizos de Orientación, no cal *se recollerán*, cando menos:

- a) As conclusións da avaliación psicopedagóxica.
- b) As orientacións sobre a proposta curricular adecuada e, de ser o caso, sobre os recursos persoais e materiais necesarios.
- c) A proposta de escolarización.
- d) A opinión das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado respecto desa proposta.

A elaboración do ditame de escolarización corresponderá á xefatura do Departamento de Orientación(...)e poderá contar, de ser o caso, coa colaboración do equipo de orientación específico correspondente.

2.1.6. AVALIACIÓN POR PROFESIONAIS EXTERNOS AO CENTRO

Cando sexa necesario o alumnado será derivado para a súa avaliación. En ocasións serán as familias as que aporten informes externos para iniciar a avaliación no ámbito escolar. Algúns dos profesionais externos que poden contribuir a dita avaliación son:

- EOE
- Profesionais do ámbito clínico tanto do sector público como privado
 - Unidade de Atención Temperá.
 - Unidade de Saúde Mental Infantil.
 - Gabinetes privados.
 - ASPANAES

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

No Plan Xeral de Atención á Diversidade concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado.

Polo tanto, o PXAD será o instrumento que sirva de referente criterial ao centro para concretar anualmente o axuste da resposta educativa ás necesidades que presenta o noso alumnado establecendo mecanismos que faciliten :

- Adecuar o desenvolvemento da acción educativa á diversidade do alumnado.
- Establecer criterios de orientación e adopción de decisións respecto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (medidas organizativas, curriculares, apoios profesorado, especialistas PT,AL, ATE dentro/fóra da aula).
- Optimizar o uso dos recursos do centro na procura da mellora da eficiencia e

calidade dos procesos educativos.

- Diseñar respostas educativas e planificar actuacións para a atención á diversidade e ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Aceptar e valorar as diferenzas individuais do alumnado como unha oportunidade de enriquecemento para toda a comunidade educativa.
- Crear un clima de cooperación entre a comunidade educativa que redunde no desenvolvemento integral do alumnado.
- Posibilitar unha resposta educativa de calidade que favoreza o óptimo desenvolvemento das competencias básicas de todo o alumnado.
- Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
- Planificar e organizar os apoios priorizando os recursos persoais e materiais de que dispón o centro.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, con medidas organizativas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas cos que conta o centro ao comezo de curso, para adecuarse, no seu caso, á atención das novas necesidades educativas.
- Establecer as medidas e pautas a seguir no centro para a acollida e inclusión do alumnado inmigrante e de minorías socioculturais dentro dun Plan de Acollida consensuado polo equipo docente.
- Guiar a avaliación interna da eficacia da Atención á Diversidade ao finalizar cada curso escolar, e identificar aqueles aspectos que precisan mellorar para o curso seguinte.

Entre os obxectivos máis específicos están:

- Un mellor coñecemento do alumnado, tanto nos aspectos académicos como persoais para poder detectar mellor as súas dificultades de aprendizaxe ou outras necesidades específicas, e poder proporcionarlle a atención que mellor se adecúe ás mesmas, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á singularidade de cada alumno/a.
- **Ofrecer unha resposta educativa adecuada e de calidade**, en todas as etapas, que:
 - Compense as diferenzas individuais do alumnado e garante a igualdade efectiva de oportunidades.
 - Permita acadar a todos os alumnos/as, o maior desenvolvemento persoal e social posible.
 - Facilite e promova a inclusión escolar e social do noso alumnado.
- **Na utilización dos recursos** persoais e materiais de que dispón o centro.

- Optimizar a súa utilización.
- **Determinar os recursos**, tanto humanos como materiais, **necesarios** para desenvolver o PXAD, e realizar as xestións correspondentes para a súa consecución.
- **Favorecer o axuste das programacións ás necesidades educativas detectadas** no grupo clase e en cada alumno/a en particular:
 - Planificando propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumna/o e aos seus ritmos de traballo e estilos de aprendizaxe.
 - Potenciando a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado, como medidas que contribúan a personalizar a resposta educativa e a mellora da calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe..
- **Establecer canles de colaboración:**
 - Que faciliten a intervención coordinada de titores e especialistas, concretando pautas comúns de actuación nas respostas educativas e no procedemento de avaliación do alumnado, e moi especialmente do que presenta NEAE.
 - Fomentando a participación dos pais, implicándoos no proceso educativo dos seus fillos/as, establecendo relacións fluídas coas familias e asesorándoas no proceso do ensino.
 - Fomentando a coordinación con institucións ou organismos externos ao centro, para promover actuacións conxuntas que favorezan o desenvolvemento do noso alumnado.
- Impulsar a **participación do profesorado** en actividades de formación e innovación e especialmente no intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.

Estes obxectivos serán revisados e actualizados cada curso no documento de concreción anual deste Plan.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, entendemos por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axutada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

4.1. Medidas ordinarias

As medidas ordinarias son todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. A súa finalidade será dar resposta ás diferenzas en competencia curricular,

motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e estarán destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Entre as **medidas ordinarias de atención á diversidade** que poden desenvolverse no noso centro figuran:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas de habilidades sociais.

4.2. Medidas extraordinarias de atención á diversidade:

”Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado co necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.”. Artigo 9 D 229/2011, do 7 de decembro.

Son medidas extraordinarias de atención á diversidade:

4.2.1. Adaptación curricular

Normativa

- LOE-LOMCE

- Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria. (BOE 01/03/14).

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 09/09/14).

- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 10/06/2016).
CORRECCIÓN de erros. Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 17/06/2016).

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículum nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG, 07/11/95).

ANEAE-ANEE. Concepto

LOE. Arts. 71º ao 79º. Modificado polos apartados 57, 58 e 59 do artigo único da LOMCE (BOE 10-12-2013).

ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO: aquel que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, TDAH, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

ALUMNADO QUE PRESENTA NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS: aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

Destinatarios de AC

Art. 14.4 Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro.

(...) As Administracións educativas, co fin de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerán os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, a fin de atender ao ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS que as precise (...).

Art. 16.5. Decreto 105/2014, do 4 de setembro.

Correspóndelle á consellería competente en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade ao currículo do ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado. (...)

Xeneralidades AC

A AC conleva a modificación dun ou de máis elementos prescriptivos do currículum.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha AC unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Terá como referente o currículo establecido con carácter xeral concretado para o ciclo (EI) ou curso (EP).

A súa elaboración e desenvolvemento, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

Precisarán autorización da inspección educativa.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor que imparte a área, co asesoramento da orientadora e de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno.

A AC revisarase periodicamente. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo/curso sobre o que se elaborara a adaptación.

A avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

Ao remate de cada curso, o equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

A avaliación diagnóstica, AC e informe de inspección formarán parte do expediente do alumno e terán carácter confidencial.

A AC reflíctese no boletín de información ás familias e nos documentos oficiais de avaliación.

Proceso de elaboración:

- *Avaliación diagnóstica.* A orientadora realizará a avaliación psicopedagóxica, emitindo o correspondente informe.
- *Reunión coordinada pola xefatura de estudos* á que asistirán o titor, os profesores das áreas a adaptar e a orientadora. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación e as áreas a adaptar.
- *Redacción do documento (AC)*, coa estrutura que se detalla neste Plan Xeral de Atención á Diversidade. Os profesores que imparten as áreas obxecto de adaptación realizarán a programación destas e a orientadora elaborará a parte formal da adaptación.
- Unha vez elaborada a AC, procede unha *nova reunión de todas as persoas implicadas, baixo a coordinación do xefe de estudos* para a revisión do documento, previa á remisión á inspección educativa.
- *Envío da proposta de AC ao correspondente servizo provincial de inspección* que emitirá un informe e tomará decisión sobre a súa aprobación.

As AC deben de estar aprobadas no primeiro trimestre antes da primeira avaliación para poder ser o referente da avaliación do alumno.

Competencias do profesorado en relación as AC

É competencia do xefe de estudos na atención á diversidade, *coordina-la actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.* Artigo 34 h do De 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG 21/10/96).

É función do profesor que se atope no centro como apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais *colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación das mesmas.* Artigo 84 D 374/1996, do 17 de outubro.

O titor deberá *coordina-las adaptacións curriculares dos alumnos do seu grupo.* Artigo 80 f. D 374/1996, do 17 de outubro.

Entre as funcións da orientadora están a de *realizar as avaliacións psicopedagóxicas e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento que se estableza.* Art. 7 g do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 27/04/1998) e artigo 11h da Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 31/07/1998).

A elaboración da AC debe seguir un modelo que lle dea ao traballo realizado polos profesionais do centro educativo un sentido global, coordinado e unitario, ao tempo que se recolle o establecido na normativa.

O modelo para a realización da parte formal das AC e da programación das distintas áreas obxecto de adaptación figura no anexo ...

4.2.2. Apoio especializado.

É o apoio temporal dun profesor especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica dentro ou fora da aula ordinaria que ten como destinatarios alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

Para que se produza este tipo de atención será necesario que así o aconselle o informe da orientadora.

O procedemento para a demanda de intervención, realización de informe ou de avaliación psicopedagóxica por parte do servizo de orientación é o seguinte:

- Comunicado do profesor, pai, nai ou titor legal á orientadora do centro da necesidade de intervención ou avaliación dun determinado alumno.
- Cumprimentación por parte do demandante do cuestionario previo aportado pola orientadora.
- Proceso de avaliación e redacción do correspondente informe por parte da orientadora.

A orientadora elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios:

1. Atenderase preferentemente ao alumnado con nee e/ou obxecto dunha AC.
2. Primarase a calidade do apoio limitándose para iso o número de alumnos atendidos simultaneamente
3. Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumno fora do grupo ordinario.
4. Evitarase a ausencia nas áreas non instrumentais que favorecen a integración.
5. A atención aos alumnos fora da aula deberá compatibilizarse nas áreas obxecto de apoio coa presenza do alumno na aula ordinaria nestas mesmas áreas co profesorado que as imparte e que será o responsable da avaliación do alumno.

Ao remate do curso, o profesor de PT e/ou AL elaborará un informe relativo ao apoio realizado segundo o modelo que figura no anexo

4.2.3. Flexibilización do período de escolarización.

De conformidade co establecido nos artigos 16.6 e 16.7 do Decreto 105/2014, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 09/09/2014) e nos artigos 17e 19 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro:

- **Educación infantil**

A escolarización en educación infantil poderá, excepcionalmente, aumentarse nun ano en función das necesidades educativas especiais do alumnado.

Poderá reducirse esta etapa nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado.

En ningún caso se poderá permanecer en educación infantil máis alá do ano natural en que se cumpran os sete de idade nin comezar a educación primaria antes do ano natural en que se cumpran os cinco anos.

Cando en educación infantil se opte pola permanencia dun alumno con necesidades educativas especiais un ano máis no primeiro ciclo, a súa incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo, aínda que non se axuste ás condicións de idade requiridas con carácter xeral. Este alumnado poderá optar á reserva de prazas establecida con carácter xeral para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que se escolariza no primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil.

- **Educación primaria.**

A escolarización en educación primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse nun ano en función das necesidades educativas especiais do alumnado.

Poderá reducirse nesta etapa nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado.

En ningún caso se poderá permanecer en educación primaria máis alá do ano natural en que se cumpran os quince anos de idade nin comezar a educación secundaria antes do ano natural en que se cumpran os dez anos.

- **Unidade de educación especial**

Segundo o artigo 19.3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, a escolarización do alumnado a tempo completo nunha unidade de educación especial poderá prolongarse un terceiro ano en educación primaria respectando o límite de 15 anos cumpridos no ano natural en que remata o curso escolar.

- **Procedemento para a solicitude no caso de alumnado con necesidades educativas especiais.**

No artigo 30 da Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG, 30/01/03), establécese:

- A dirección do centro presentará a solicitude de flexibilización na xefatura territorial acompañada da seguinte documentación:
 - a. Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro ou ó que este estea adscrito ou, no seu defecto, polo profesor titor.
 - b. Conformidade expresa dos pais ou tutores legais do alumno.
 - c. Fotocopia compulsada do expediente académico.
 - d. Proposta de adaptación do currículo segundo disposto na Orde do 6 de outubro de 1995.
- A citada solicitude remitirase, xunto co informe da inspección educativa, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á que corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización.
- Tanto por iniciativa da inspección educativa, como pola da Dirección Xeral, poderase requirir ao equipo de orientación específico dependente da xefatura territorial correspondente a elaboración dun informe complementario ao respecto.
- O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización será o mes de abril. As xefaturas territoriais trasladaranas á Dirección Xeral antes do 31 de maio,, acompañándoas dos informes correspondentes.
- A resolución correspondente comunicarase ao centro antes do 31 de xullo para o seu traslado ao interesado.
- Con carácter xeral, calquera medida de flexibilización consignarase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en tódolos documentos de avaliación do alumno que en cada caso correspondan.

- **Procedemento de solicitude no caso de alumnado con sobredotación**

- O director do centro antes do 30 de abril elevará ao inspector de educación que lle corresponda a solicitude de flexibilización, que deberá incluír a seguinte documentación:
 - a. Informe do profesor titor
 - b. Informe sobre o resultado da avaliación psicopedagóxica.
 - c. Proposta de adaptación do currículo.
 - d. Conformidade dos pais ou titores legais.
- A inspección educativa realizará un informe sobre a idoneidade ou non da proposta de flexibilización e das medidas de adaptación curricular que a acompañan.
- A Xefatura Territorial trasladará a documentación sinalada ao Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa antes do 30 de xuño, acompañándoa do informe correspondente, quen resolverá no prazo dun mes e enviará comunicación á xefatura territorial e á dirección do centro para o seu traslado aos interesados.
- A medida de flexibilización consignarase, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en todos os documentos do alumno que en cada caso correspondan.

4.2.4. Escolarización combinada

Conforme ao punto 1c do artigo 16 do D 229/2011, do 21 de decembro, entre as modalidades de escolarización considérase:

“A escolarización combinada entre un centro ordinario e un centro de educación especial. Para os efectos de escolarización, as unidades de educación especial nos centros ordinarios terán a consideración de centros de educación especial”.

Segundo o referido no artigo 16.1c, 2 e 3 do D 229/2011, do 21 de decembro, e nos artigos 44, 45, 46 da Orde do 27 de decembro de 2002, podemos sinalar:

- É destinatario desta modalidade de escolarización o alumnado con necesidades educativas especiais que estea escolarizado nun centro ordinario e requira de recursos específicos non dispoñibles, podendo escolarizarse a tempo parcial nunha aula ou centro específico de educación especial.
- Así mesmo, o alumnado escolarizado nun centro específico de educación especial poderá combinar a súa escolarización nun centro ordinario co obxecto de promover a normalización escolar.
- O procedemento para o inicio da escolarización combinada inclúe:
 - a. Realización de avaliación psicopedagóxica.
 - b. Redacción do ditame de escolarización polo orientadora do centro educativo no que se atope escolarizado o alumno acompañado dunha declaración escrita feita polos pais ou titores legais na que se fará constar a súa valoración da proposta de

escolarización.

c. Presentación pola dirección do centro da solicitude na xefatura territorial acompañada da documentación referida, que a resolverá oportunamente logo dos informes que procedan.

- No caso das escolarizacións combinadas entre un centro ordinario e un centro de educación especial, o alumnado pertencerá, para efectos académicos e administrativos, ao centro educativo que se determine na resolución da xefatura territorial correspondente.
- O profesorado de ambos os centros coordinarase no proceso de planificación, atención e avaliación deste alumnado.
- O profesor titor do alumno pertencerá ao centro no que estea matriculado, e corresponderalle a coordinación das atencións educativas que se proporcionen nos dous centros, co apoio dos departamentos de orientación.
- A escolarización estará sometida a un proceso de revisión periódica por parte da xefatura do Departamento de Orientación correspondente, que será trimestral en educación infantil e, cando menos, anual nas demais ensinanzas
- A proposta de revisión de escolarización poderase iniciar por calquera dos dous centros ou a instancia dos pais ou tutores legais.
- Se é o caso, a dirección solicitará o cambio de modalidade de escolarización á xefatura territorial correspondente, quen resolverá. Esta solicitude irá acompañada da mesma documentación referida para o procedemento de inicio da escolarización combinada.

4.2.5. Aula específica de educación especial

O funcionamento das aulas específicas de educación especial ven regulado pola Orde do 27 de decembro do 2002 pola que se regula a escolarización en centros e aulas específicos de educación especial e o Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade.

4.2.5.1. Funcionamento da aula de educación especial no CEIP Emilia Pardo Bazán

- **Maneiras de relacionarse co nivel e o ciclo (resto das aulas):**

1. Funciona a nivel de centro como unha titoría máis tendo unha Programación de Aula e unha organización propia a nivel de horario e de utilización de espazos comúns.

2. Pertence ao nivel no que estea adscrito o alumno asistindo o titor ás reunións de nivel e ciclo, e participando nas actividades que se programen para dinamizar o resto das aulas do nivel e/ou ciclo así como facendo as súas propias propostas de aula.

3. A aula poderá participar en calquera outra actividade que se programe a nivel de centro aínda que non sexa do mesmo ciclo ou nivel.

4. Ademais de formar parte do ciclo e nivel, os tutores que programen actividades a

nivel de aula que sexan susceptibles de ser compartidas co alumnado escolarizado na Aula Específica tamén poderán coordinarse co titor da aula para compartir esa experiencia.

- **Maneiras de relacionarse co centro:**

1. O titor da aula pertence ao Claustro, á Comisión de Coordinación Pedagóxica e asiste ás reunións de nivel e ciclo. Forma tamén parte do Departamento de Orientación asistindo as reunións do departamento.
2. O titor avaliará en función dos estándares de aprendizaxe recollidos na ACI e participará nas sesións de avaliación do nivel onde esté adscrito o alumno.
3. Así mesmo poderá atender transitoriamente a alumnado con necesidades diferentes das deles establecidas cando as circunstancias excepcionais así o requiran.
4. Os diferentes espazos do centro poderán ser empregados como recurso educativo se non están ocupados por outro profesor que estea a realizar unha actividade: biblioteca, bibliolab, ximnasio, aula de música, pavillón, horto, ...

- **Organización horaria:**

A aula caracterízase pola súa flexibilidade horaria, influida pola variabilidade de factores que condicionan a dinámica proposta. A estrutura do horario ten unhas sesións que están adaptadas a particularidade da aula e as características do alumno e que presentan unha estabilidade fixa.

1. O alumnado asiste as especialidades que lle corresponden segundo o nivel ao que pertence. Se é o caso pode variarse o número de sesións semanais ou o tempo ao que asiste a materia.
2. En casos excepcionais poderá asistir á especialidade doutra aula do nivel se non puidera facerse con seu nivel por cuestións horarias do funcionamento da propia aula.
3. Neste centro vense levando a cabo un Proxecto de Danza como materia de libre configuración para os cursos 4º e 6º de Educación Primaria. Un dos obxectivos da aula é a maior participación de actividades que o centro desenvolva, deste modo poderáse incluír na Programación esa materia sempre que o horario o permita.
4. O horario poderá incluír actividades relacionadas co desenvolvemento de Habilidades da vida diaria como comida, aseo e o aprendizaxe de normas de convivencia tales como regar as plantas do centro, merendar na aula, facer a compra, ou encargarse do reciclaxe de papeis.

- **Maneiras de relacionarse cos especialistas que traballan na aula:**

1. Na aula traballan especialistas de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica que fai as funcións de titoría. Cando non haxa dispoñibilidade horaria para Audición e Linguaxe, poderá intervir outro especialista de Pedagogía Terapéutica que traballará aspectos máis relacionados coa área da linguaxe.
2. Os especialistas das áreas ás que asiste o alumnado coordinaránse co titor para planificar as sesións de traballo así como adaptar espazos, tempos e material dispoñible.
3. A aula ten asignada unha coidadora a tempo completo.

4.O centro ten un convenio de colaboración con COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), que asesora e fai prestamos de distinto material como paneis de comunicación e diversas axudas técnicas. Este convenio renóvase anualmente.

- **Saídas escolares:** a palificación realizarse sempre co nivel ao que esta adscrito o alumno. De considerarse conveniente, poderáse facer outras doutros niveis ou ciclos e/ou empregar o transporte doutra saída para facer unha propia.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

A avaliación inicial durante o mes de setembro (Orde 23 de novembro de Educación Primaria) será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumno/a. Non obstante na avaliación final de cada curso quedará determinado o alumnado que recibirá apoio preferentemente, desde o comezo do curso seguinte.

5.1. CRITERIOS XERAIS de organización:

- Os apoios de PT e AL incidirán principalmente sobre as áreas instrumentais: Lingua e Matemáticas.
- O apoio ao alumnado neae adaptarase ás súas necesidades realizarase individualmente ou en grupos reducidos, dentro, fóra da aula ordinaria ou combinada.
- Os apoios non se farán en horario de especialidades (EF, Inglés, Música,...)
- A familia será informada ao inicio e ao rematae dos mesmos, especialmente dos que se realicen fóra da aula ordinaria. A información se fará a través da titoría.
- Atención prioritaria á adquisición da lectoescritura.
- Realizarase unha avaliación inicial dos apoios iniciados en cursos anteriores para valorar se se superaron ou non as dificultades. Continuarase co alumnado que xa era atendido.

5.2. CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN PARA A INTERVENCIÓN DO PROFESORADO P.T.

- Alumnado diagnosticado con NEE (TEA TXD, deficiencia cognitiva, deficiencia sensorial acusada, atraso madurativo significativo, ataxia, trastorno grave de conducta...)
- Alumnado con trastorno grave de conduta.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (dislexia, etc...)
- Alumnado con TDAH.
- Alumnado con condicións persoais ou de historia escolar desfavorecidas.
- Alumnado que necesita reforzo, con medidas ordinarias, cando hai posibilidade horaria.
- Alumnado con altas capacidades intelectuais.

5.3. CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN PARA A INTERVENCIÓN DO PROFESORADO A.L.

- Alumnado con deficiencia auditiva significativa ou moi significativa (que precisa un sistema de comunicación alternativo á linguaxe oral).
- Alumnado con trastornos graves de comunicación (TXD, TEA, ...).
- Alumnado con atrasos moderado e severo da linguaxe (disfasias, afasias, ...).
- Alumnado con alteracións na fala: disfemias, disartrias, atrasos na fala, dislalias orgánicas ou disfonías.
- Trastornos na fala que teñan incidencia na lectoescritura en Educación Primaria.
- Dificultades na comunicación escrita: comprensión e expresión escrita.
- Alumnado con dislalias funcionais: priorízase alumnado de 1º de primaria e 6º de EI .

Na etapa de Educación Infantil, as posibles dislalias evolutivas, intervénense primeiramente con orientacións ao profesor-tutor e as familias, e nos casos máis persistentes realizarase unha intervención preventiva.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Profesionais	Medida	Actuación
Mestres titor	Plan de Acción Titorial	Posta en práctica, seguimento e valoración
	Programación de aula	Elaboración, posta en práctica, seguimento e valoración.
	Xunta de avaliación do seu grupo.	Presidir e coordinar. Levantar acta.
	Plan de Acolida e Adaptación	Concreción e Implementación.
	ACI/ACS Refuerzo Educativo	Coordinación, elaboración e implementación Elaboración
	Plan de Transición a Secundaria	Implementación e seguimento
	Avaliación Psicopedagóxica	Solicitud ó DO, información ás familias. Colaboración co DO.
	Apoios educativos	Colaborar na organización. Atención directa.
	AC / ACS	Colaborar na elaboración e

Mestre de apoio, PT, AL.	RE	implementación.
	Apoios educativos.	Colaborar na organización. Deseño plan de intervención individualizado Atención directa
	Avaliación Psicopedagógica.	Colaboraciónn
Mestres sen titorias	ACS/AC	Elaboración e
	RE	implementación
	Apoios educativos	Colaborar na organización. Atención directa
	Avaliación Psicopedagógica	Colaboración
Xefatura do Departamento de Orientación	Avaliación Psicopedagógica	Elaboración. Solicitud de colaboración do EOE ou doutras institucións/servizos.
	Plan de Transición a Secundaria	Coordinación co IES e seguimento
	Plan de Acción Titorial	Aseoramento
	Programacións curriculares	Aseoramento
	AC/ACS	Aseoramento e
	RE	colaboración na elaboración
	Escolarización combinada//cambio modalidade:ditame	Elaboración
	Apoios educativos	Elaboración da proposta de organización dos mesmos en colaboración co profesorado titor e os mestres especialistas de apoio.
	Plan de Orientación	Redacción. Concreción de actuacións da xefatura para o curso
Plan Xeral de Atención á Diversidade	Redacción das concrecións anuais.	
	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Responsable do desenvolvemento,

Equipo Directivo		seguimento e avaliación.
	Medidas extraordinarias de atención á diversidade	Autorización ou solicitude de autorización onde corresponda.
Departamento de Orientación	Plan Xeral de atención á Diversidade	Elaboración e concreción anual, implementación
	Plan de Orientación	Elaboración e concreción anual, implementación
	Plan de Acción Titorial	Seguimento e valoración
Comisión de Coordinación Pedagóxica	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Elaborar directrices do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
Xunta de Avaliación	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Propoñer o alumnado que deberá seguir unha ACI no seguinte ciclo/etapa educativa e asegurarse de que se cumpren os requisitos para tal decisión. Propoñer cambios na adscripción do alumnado no cambio de ciclo ou de etapa educativa.
Claustro	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Propoñer o plan ao Consello Escolar
Consello Escolar	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Aprobación

PROPOSTA DE ACTUACIÓNS XERAIS, CO ALUMNADO QUE PRESENTA NEAE

Entre as medidas ordinarias para este alumnado estarán:

Estratexias específicas de ensino-aprendizaxe, tales como presentar contidos e tarefas con distinto grado de dificultade, traballar actividades de reforzo e variedade de tarefas, adecuar recursos e materiais, levar a cabo modelos organizativos flexibles e adaptacións nos procedementos de avaliación. En calquera caso os elementos do currículo que se modifiquen han de ter en conta o estilo de aprendizaxe e o contexto escolar do alumno/a. A flexibilización nos procedementos de avaliación debe entenderse como un recurso para adaptar os procesos de ensino –aprendizaxe, ás necesidades educativas deste alumnado. A metodoloxía de traballo debe incorporar, entre outras, o emprego de técnicas en “autoinstrucións”, “a autoavaliación reforzada” e as TIC, tanto na aula ordinaria, como cando se lle presta unha atención máis personalizada dentro ou fora de esta. Estas medidas a adoptará o equipo docente, co asesoramento do orientador/a do centro.

PROPOSTAS CONCRETAS DE ACTUACIÓNS DO PROFESORADO A NIVEL DE AULA, NO CASO DE TER ESCOLARIZADO NO GRUPO CLASE ALUMNADO CON NEAE

Alumnado con discapacidade intelectual: Ante a presenza dun alumno/a con discapacidade intelectual na aula ordinaria, o profesorado debe considerar os seguintes aspectos para a súa atención educativa:

- **A información deberá ser** simple, concreta, precisa, organizada e secuenciada.
- **As instrucións serán o mais simples posibles e reiterativas**, partindo sempre do que o alumno realmente sabe e asegurándonos de que o comprende, estimulando para que o verbalice.
- **O profesorado debe proporcionar a información en distintos formatos**, para así facilitar que o alumno a perciba por o maior número de vías posible. Procurará non excederse na exposición oral en detrimento do resto, enfatizando o dito, falando despacio, e facendo visible o manifestado.
- **Nun contexto de aprendizaxe cooperativo, as tarefas** individuais ou grupais, deberán ser curtas, fraccionándoas en pequenos pasos, reducindo a complexidade das aprendizaxes e o número de respostas, de forma que haxa unha resposta por tarefa.
- **Para manter a motivación e a concentración** débense modificar frecuentemente as tarefas, procurando que estas sexan asumibles polo escolar, pero sen poñer límites a súa capacidade.
- Aumentarase o tempo para a execución das actividades ou tarefas incorporando algunhas que propicien a súa autonomía reforzando mediante o modelado as habilidades sociais, os hábitos hixiénicos e outras condutas adaptativas.
- **Con frecuencia débense utilizar estratexias de reforzo positivo** e potenciar aquelas accións que faciliten a autorregulación da propia conduta dentro da aula. Para isto debe dispoñerse de certa rutina nas sesións de traballo, cun ambiente moi estruturado, que facilite a comprensión da situación e da tarefa solicitada. É necesario comunicar os cambios de rutina por distintas vías e con antelación. Debemos ser pacientes ao recibir a resposta do escolar, informándoo de cómo o fixo e sulíñando os avances.
- **A adaptación nos procedementos e instrumentos de avaliación**, deben ter en conta que as probas escritas se proporcionen con frases sinxelas, e con preguntas

nas que non se requira moito desenrolo, incorporando respostas de elección múltiple, verdadeiro ou falso, etc. Para este tipo de probas débese conceder máis tempo que ao resto dos escolares. É recomendable o desenvolvemento das probas escritas en varias sesións, facilitando durante éstas as oportunas indicacións de apoio, tales como o control do tempo e o repaso do realizado previo a súa entrega.

Alumnado que presenta dificultades específicas de aprendizaxe: Ante a presenza dun alumno/a con dificultades específicas de aprendizaxe, o profesorado debe considerar os seguintes aspectos para a súa atención educativa:

- Convén que o alumno ou alumna estea sentado cerca do profesor/a e lonxe de fontes de distracción. As tarefas da clase requirirán unha supervisión continua; débense combinar as tarefas e actividades mais motivadoras coas que o son menos, así como gradualas e contextualizalas de forma debida. Aconséllase o emprego de reforzos e apoios visuais na instrucción escrita e permitir que cando acabe unha parte da tarefa poida amosala ao profesor/a.
- **Débese verificar que o alumno/a comprende o exposto pólo profesorado**, facendolle se é necesario, algunhas preguntas que poida contestar de forma correcta ou pedíndolle, de forma discreta, que repita verbalmente o que ten que facer.
- É **imprescindible o uso da axenda de deberes** con este alumnado (a pesar do esforzo que poida ocasionar nalgúns niveis ou idades).
- É adecuado **espaciar as instrucións de traballo** de forma que non se proporcione unha nova consigna inmediatamente ata que non sexa realizada a anterior. Incluso sería aconsellable que as instrucións dos traballos se escriban nun folio ou na pizarra da clase, mantendo no posible as rutinas de aula e, ante os câmbios de actividade, advertir individualmente ao alumnado con dificultade específica de aprendizaxe.
- O profesorado que na aula teña un alumno ou alumna con dislexia, disgrafía ou discalculia deberá considerar que estes alumnos presentan dificultades inherentes para ler, escribir ou calcular, sendo conveniente potenciar outras capacidades onde o alumno destaque coa finalidade de mellorar a súa autoestima e motivación. O profesorado evitará a exposición ante o resto de compañeiras e compañeiros das súas carencias co fin de non deteriorar a súa autoestima; fará saber ao escolar que o profesorado coñece as súas necesidades educativas, simplificará as instrucións que se lle dan por escrito, suliñando ou destacando o mais relevante, incluso proporcionándolle un esquema; estudará co escolar o vocabulario novo que vai a encontrar nos textos, actividades ou tarefas que vai a realizar; posibilitará o uso do ordenador na aula para facer as súas producións; proporcionará un tempo extra para realizar as actividades e tarefas na clase; tratará de reducir e fraccionar as actividades na clase e para a casa con respecto ao grupo clase; deberá facilitarlle a posibilidade do emprego de gravadora na aula para tomar instrucións do profesorado ou unha explicación, sendo recomendable para os alumnos con dislexia dispoñer de libros de texto gravados; convén ampliar as pausas orais para permitirlle que tome apuntes; evitar facerlles copiar os enunciados das preguntas ou problemas na actividade de clase, deberes ou exames. Un procedemento adecuado a empregar na maioría das áreas ou materias consiste en proporcionarlles **“guías de tarefas”**, por escrito ou orais que impliquen unha secuencia de accións como por exemplo, obter a idea principal dun texto, facer unha composición escrita, resolver un problema de cálculo, etc...

- Respecto ao alumnado con dificultade específica de aprendizaxe, especialmente en lectura e escritura, o profesor/a procederá antes do inicio do exame ou proba escrita á lectura oral de todas as preguntas. É recomendable que as probas escritas se leven a cabo en dous ou mais sesións, observando a necesaria flexibilidade na duración, e na medida do posible de maneira individual ou en pequenos grupos. As probas ou exames poderán ser orais ou mediante o emprego do ordenador, agás en lingua galega, castelá e estranxeira, cando o obxecto da avaliación sexan os obxectivos e contidos relacionados coa lectoescritura.
- Na realización de probas que impliquen lectura e escritura, ampliarase o tempo necesario co fin de facilitar a oportuna corrección ortográfica.
- As preguntas dos exames presentaranse por escrito para evitar a lentitude doutros procedementos como a copia ou o ditado, coa inclusión de preguntas ou items dun mesmo tipo, para evitar así a maior posibilidade de erro ou confusión derivados dunha combinación de formas (en días diferentes, formas diferentes).
- Durante o exame procederase a dar as oportunas indicacións de apoio, tales como o control do tempo e o repaso do realizado, previo a súa entrega.
- É conveniente dar a coñecer as datas dos exames con antelación. Ao igual que para o resto do alumnado, os exames ou probas escritas finais ou parciais non deberán ser os únicos instrumentos para avaliar a este alumnado; é necesario que a avaliación continua sexa o procedemento empregado.

Alumnado que presenta trastorno por déficit de atención con/sen hiperactividade:

- Convén que o alumno estea **sentado cerca do profesor/a** e lonxe de motivos de distracción.
- As **tarefas** de clase ou para a casa deberán **reducirse ou fragmentarse** e requirirán dunha supervisión continua; deben combinarse actividades e tarefas máis motivadoras coas que o son menos para o alumno/a, así como gradualas e contextualizalas de forma debida.
- É preciso potenciar outras capacidades nas que o escolar destaque, coa finalidade de mellorar a súa autoestima e motivación.
- Aconséllase **o emprego de reforzos e apoios visuais na instrucción oral** e permitir que, cando acabe unha parte da tarefa, poida amosala ao mestre/a.
- Débese **verificar que o escolar comprende o exposto polo profesorado**, facéndolle en caso de estimarse necesario, algunhas preguntas que poida contestar de forma correcta, ou pedíndolle, de forma discreta, que repita verbalmente o que ten que facer.
- É **imprescindible o uso da axenda de deberes** con este alumnado(a pesar do esforzo que poida ocasionar nalgúns niveis ou idades).
- É adecuado **espaciar as instrucións de traballo** de forma que non se proporcione unha nova consigna inmediatamente ata que non sexa realizada a anterior. Incluso sería aconsellable que as instrucións dos traballos se escriban nun folio ou na pizarra da clase, mantendo no posible as rutinas de aula e, ante os cambios de actividade, advertir individualmente ao alumno ou alumna.
- Un procedemento adecuado a empregar na maioría das áreas ou materias consiste en proporcionarlles **guías de tarefas**, por escrito ou orais que impliquen unha secuencia de accións como por exemplo, obter a idea principal dun texto, facer unha composición escrita, resolver un problema de cálculo, etc...

- É recomendable que todo o equipo docente chegue a un consenso de “regras mínimas de conduta” na aula, comúns a todo o profesorado, e de ser o caso, outras específicas para cada area ou materia. Estas pautas deben estar escritas e visibles dentro da propia aula, e débese comprobar que o alumno/a con trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade comprende as normas e as consecuencias ao incumplilas. É importante ter en conta que se proporciona unha maior motivación ao escolar cando se resaltan os pequenos avances, que cando se lle chama a atención ou se fai fincapé nos erros, fallos e equivocacións.
- Respecto a adaptación nos procedementos e instrumentos de avaliación, tendo en conta as dificultades deste alumnado para manter a atención e concentración durante períodos prolongados, co obxectivo de mellorar o seu rendemento nos exames e probas escritas, facilitarase a posibilidade de realizalos de forma oral ou a través de ordenador, agás os aspectos relacionados coa lectura e escritura nas areas de lingua galega, castelá e estranxeira debido aos problemas de escritura que estos escolares poden presentar simultaneamente con este trastorno.
- É recomendable o desenvolvemento das probas escritas en dúas sesións como mínimo, observando a necesaria flexibilización na súa duración. As preguntas dos exames presentaranse por escrito para evitar a lentitude doutros procedementos como a copia ou o dictado, coa inclusión de preguntas ou items dun mesmo tipo, para evitar así a maior posibilidade de erro ou confusión derivados dunha combinación de formas (en días diferentes, formas diferentes).
- Durante o exame procederase a dar as oportunas indicacións de apoio, tales como o control do tempo e o repaso do realizado, previo a súa entrega.
- É conveniente dar a coñecer as datas dos exames con antelación. Ao igual que para o resto do alumnado, os exames ou probas escritas finais ou parciais non deberán ser os únicos instrumentos para avaliar a este alumnado; é necesario que a avaliación continua sexa o procedemento empregado.

Alumnado que presenta trastorno xeneralizado do desenvolvemento:

- O profesorado debe planificar con anticipación a xornada de cada día, sinalando as actividades nos distintos tipos de axendas, empregando técnicas de estruturación nas areas de traballo e establecendo rutinas estables e funcionais, con uso frecuente de axudas visuais ou de compensacións verbais simplificadas. Igualmente hai que estruturar e organizar o espacio e os materiais de aula, evitando continuas modificacións e exposicións a múltiples estímulos, especialmente auditivos. Debe empregarse algunha estratexia para dar a coñecer ao alumno/a os tempos e espazos mediante avisadores ou marcadores visuais, sinais xestuais, etc.
- É conveniente facilitar a interacción social, os procesos de socialización cos iguais e coas persoas adultas do centro, propiciando o desenvolvemento da comunicación mediante sistemas visuais aumentativos e fomentando redes de apoio na aula que favorzan a participación e a xeneralización desas condutas e eviten o illamento do alumno. Débese fomentar o traballo colaborativo e as actividades de grupo, debéndose permitir o traballo en solitario nalgúns momentos do día co fin de non sobrecargalo con excesivas demandas sociais.
- O alumno/a traballará preferentemente en grupos pequenos cun número moi reducido de compañeiros e compañeiras na aula, na realización de actividades

sinxelas e estruturadas que permitan ao profesorado unha supervisión adecuada do seu comportamento así como a ensinanza explícita das condutas básicas, tales como respecto de turnos, escoita atenta das opinións das demais persoas, seguemento de regras e resolución de conflitos.

- Débese estar atento ao comportamento do resto dos escolares do centro cara a estes alumnos/as xa que polo seu comportamento e estilo de comunicación singulares poden propiciar as bromas das compañeiras/os, ser obxecto de burla, acoso escolar, etc. Por iso débese facer hincapé nas accións educativas que propicien a convivencia desde o máximo respecto entre o alumnado do centro.
- Para estes escolares é adecuado empregar un estilo de ensinanza directivo e titorizado para proporcionar un ambiente social e de aprendizaxe que sexa percibido como seguro e estimulante polo alumnado. O profesorado debe ser creativo na resolución de problemas, ter calma, ser flexible, para xerar actitudes positivas.
- Para compensar os problemas que presentan coa organización do tempo libre é conveniente fomentar o interese do alumnado no xogo e na interacción social, mediante a organización por parte do profesorado de xogos e actividades lúdicas estruturadas para a hora do recreo. Isto conleva a elección dalgúns compañeiros/as dispostos a cooperar e a interactuar cos demais. Estes xogos débense explicar ao alumno/a dunha forma similar a utilizada para ensinar ao alumno a mecánica da lectoescritura, e dicir, de forma estruturada, explícita e seguindo unha secuencia de pasos prefixada.
- Realizaránse adaptacións nas probas escritas, compensando as súas dificultades co diseño de instrumentos adecuados mediante preguntas cerradas, probas obxectivas como os tests de respostas múltiples ou de verdadeiro-falso, exames orais, apoios visuais, emprego do ordenador con procesador de textos, etc. Tamén se fai necesario proporcionar máis tempo para realizar as probas de avaliación, ao igual que dar directrices claras sobre a maneira de presentar os traballos e supervisar durante o proceso de elaboración.

Alumnado que presenta trastornos graves de conduta de tipo negativista desafiante:

- O profesorado asegurará o establecemento dun clima positivo de aprendizaxe na aula. Débese eloxiar verbalmente ou con xestos, como sorrisos, miradas, etc., todos aqueles comportamentos que se desexan, tales como esforzarse no traballo, terminar as tarefas asignadas, colaborar, falar con amabilidade, amosar tranquilidade na aula, ... Estas estratexias son máis efectivas no caso de que se empreguen diante de toda a clase (felicitación en público, amonestación en privado). Os docentes deben procurar falar con cordialidade, escoitar con empatía, amosar afectividade, amosar interese e preocupación polos asuntos do alumnado con esta conduta, etc., sen deixar de actuar con firmeza cando sexa necesario. Non se debe prestar atención ao comportamneto inadecuado, sempre que este non sexa demasiado perturbador ou perigoso para a integridade física do escolar e do resto das persoas.
- Ante un desafío ou negativa con certo grado de agresividade, débese prioritariamente garantir a seguridade do alumno ou alumna, á vez que amosar tranquilidade e firmeza, non responder ante a conduta desafiantee esperar a que diminua ou que remita, evitando alzar a voz e manifestándolle que se lle prestará atención cando se amose sereno e tranquilo, ou cando realice de forma adecuada

o solicitado polo docente. No caso de condutas desafiante, agresións, pelexas, etc., poder empregarse a estratexia de “tempo fora” co asesoramento do orientador/a do centro, e o coñecemento do alumno/a e da familia, sempre baixo a vixilancia dun docente.

- Cando o profesorado trate de modificar un comportamento inadecuado convn que se refira as condutas inadecuadas e non ao escolar. Evitar os termos absolutos e cualificadores cara ao alumno/a e, no seu lugar, empregar frases nas que se dea unha oportunidade  conduta adecuada.
-  conveniente que o profesorado se entrene na aplicacin de estratexias cognitivo-condutuais, e conte coa colaboracin do orientador/a do centro para influir no procesamento cognitivo do alumno/a, de modo , que no futuro, sexa el quen autorregule o seu comportamento, sen necesidade da presenza dunha persoa adulta, que aplique a administracin de reforzos ou a retirada de privilexios. As autoinstruccins implican ensinar ao alumno a falarse as mesmo, darse instruccins sobre o que debe facer e recompensarse verbalmente pola boa execucin. A autoavaliacin reforzada pretende potenciar o funcionamento do sistema executivo para que os alumnos logren ser conscientes da propia conduta e saiban avaliala con respecto as normas de aula.
-  necesario que o orientador/a planifique co equipo docente e a familia un plan de control da conduta no contexto escolar e familiar. Adems, deber coordinarse cos servizos sanitarios no caso de que o alumno ou alumna estea sendo atendido por estes servizos.

7. MECANISMOS DE COORDINACIN E COLABORACIN INTERNOS, AS COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.

7.1. Os mecanismos de coordinacin e colaboracin internos son:

- Reunións de ciclo: necesidades do ciclo, valoracin das medidas adoptadas, propostas de mellora para o DO e para a CCP.
- Reunións da Comisin de Coordinacin Pedaggica: avaliarnse os resultados das medidas adoptadas coa finalidade de realizar seguemento do plan de atencin  diversidade, e faranse propostas de mellora
- Reunións do Equipo Directivo: contemplar nas sas reunións o desenvolvemento do PAD. Levar a concrecin anual  PXA.
- Reunións mensuais do Departamento de Orientacin completo.
- Reunións semanais ou quincenais de coordinacin do Equipo de Orientacin (orientadora e mestres de apoio), para concretar e revisar as medidas adoptadas e para a elaboracin dos plans especficos de intervencin co alumnado con NEAE.
- Reunións periodicas da xefa do DO, con cada titor, especialmente cos que tenen alumnado que est recibindo apoio para coordinar e revisar as diferentes medidas adoptadas.
- Reunións de equipos docentes de cada ciclo e nivel: para establecer un plan especfico de actuacin co ANEAE, revisin e/ou modificacin do mesmo.

- Reunións do Claustro de profesores.
- Reunións do Consello Escolar.
- Reunións de tutoría con pais/nais/ tutores legais.
- Reunións dos diversos equipos de profesores do centro: Equipo das TICs, Biblioteca escolar, Convivencia, Natureza e Medio Ambiente, Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega, Equipo de actividades Complementarias e Extraescolares:

7.2. Mecanismos de coordinación e colaboración externos:

7.2.1. Con outros centros educativos

- Promoverase a coordinación e colaboración entre o noso centro e outros centros que atenden ao nosos alumnos con ditame de escolarización combinada.
- Promoverase a colaboración e intercambio de información cos centros de procedencia e traslado do noso alumnado, especialmente no caso de que se trate de A NEAE.
- Realizarase reunións de coordinación cos IES da zona co principal obxectivo do establecemento de accións que favorezan o tránsito de Etapa Educativa do noso alumnado (incorporación á ESO).

7.2.2. Con servizos de saúde, municipais e outras entidades

Promoveranse reunións e/ou contactos telemáticos puntuais ou periódicos, para colaboración e solicitude e/ou intercambio de información cos servizos sociosanitarios. Todo intercambio de información farase de acordo co protocolo de protección de datos da Xunta de Galicia e coa normativa específica do centro.

- Sanitarias (CHUAC: estimulación temperá, foniatría, saúde mental infantil..).
- Sociais: Servicio de Menores, Servizos sociais do concello, UAMI, etc. Para intercambiar información e coordinar programas asistenciais e/ou de apoio escolar aos que asiste alumnado do noso centro. Tamén para coordinar actuacións en problemáticas sociofamiliares, absentismo escolar.....
- Entidades socio-educativas: Asociación Down, Asociación Altas Capacidades...
- Profesionais do ámbito privado que atenden a alumnado do noso centro, que presenta neae.

7.2.3. Equipo de Orientación Específico

Solicitude de asesoramento, información ou intervención do Equipo de Orientación Específico de A Coruña, segundo o procedemento e modelo existente..

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAISOU

TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

O/a mestre/a titor/a do alumno/a será o interlocutor ante a familia. En función das demandas e das situacións de cada demandante poderá solicitar a asistencia doutros membros da comunidade educativa (equipo directivo, departamento de orientación, etc.). As familias estarán informadas dende o primeiro momento que se contemple unha medida de atención á diversidade, sexa reforzo educativo, apoio específico.. ou Adaptacións curriculares. É dicir, a familia debe ser informada das medidas tanto ordinarias como extraordinarias. Como norma xeral o profesor/a titor/a manterá informada ás familias. No caso das A.C. e os reforzos educativos con apoio das especialistas (PT e/ou AL) a información será coordinada tamén polo Departamento de Orientación.

As canles de comunicación e colaboración serán:

- Reunións colectivas do titor/a con todos os pais/nais do seu grupo de alumnos.
- Reunións presenciais no centro educativo entre mestre/a titor/a e pais do alumnado (titorías)
- Reunión inicial, en setembro, antes de que comece o curso, do profesorado titor e o equipo de atención á diversidade, coa familia do alumnado que inicie a súa escolarización e presente NEEs.
- Reunións periódicas pais/titor/a e equipo de atención á diversidade do alumnado que presenta NEAE. Intercambio de información e asesoramento no proceso educativo do seu fillo/a.
- Axenda viaxeira, onde o alumno/a anota as actividades a realizar na casa e que serve de medio de comunicación do profesorado coas familias.
- Circulares informativas de carácter xeral.
- Cartas á familia, informativas, de tipo individual (comunicación de falta de orde, de faltas de asistencia ...).
- Cartas/informes solicitados ó centro polas familias para colaborar con outros servizos na valoración das necesidades educativas do alumnado.
- Contactos telemáticos con outros servizos externos coa autorización expresa da familia do alumno.
- Informes trimestrais de avaliación.
- Reunións periódicas co centro de escolarización combinada
Debe informarse á familia e pedir a súa autorización e /ou /conformidade dos pais alomenos nas seguintes situacións:
 - O seu fillo/a vaia a recibir reforzo educativo e/ou apoio específico
 - Proposta de ACI
 - Cambio de modalidade de escolarización e/ou variacións na mesma.
 - Flexibilización do período de escolarización.
 - Solicitud de intervención do departamento de orientación do centro.
 - Solicitud de intervención do EOE
 - Asistencia a apoios no centro cívico, UAMI....

Informarase tamén ás familias de que a Avaliación Psicopedagóxica que se pode levar a cabo nalgún caso de interese, tan só constitúe un proceso de recollida de información acerca das características individuais do alumno/a e do seu contexto sociofamiliar e escolar que resulten relevante para axustar-las respostas educativas ás súas necesidades, e realizase no caso de que a familia amose por escrito a súa conformidade.

Cando se considere necesario ademáis, realizar probas individuais específicas, para elaborar unha proposta educativa para un alumno/a, a familia será informada conxuntamente polo profesorado titor e a xefa do DO, e amosará por escrito a súa conformidade.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIA.

Cando un alumno/a precise de medidas extraordinarias de atención á diversidade, sinaladas no punto 4 deste plan, o/a mestre-titor/a informará á familia da necesidade das mesmas, podendo contar coa colaboración do Departamento de Orientación, e se iniciarán as actuacións pertinentes segundo o determinado na normativa vixente:

- a- Adaptacións Curriculares individualizadas: orde do 6 de Outubro de 1995 (DOG do 7 novembro 1995).
- b- Grupos de adquisición de linguas (regulados pola orde 20 febreiro 2004, DOG 26 febreiro 2004).
- c- Grupos de adaptación da competencia curricular (regulados pola orde 20 febreiro 2004, DOG 26 febreiro 2004).
- d- Medidas de flexibilización da duración do período de escolarización obrigatoria segundo o disposto na Orde do 27 de decembro de 2002 (DOG do 30 xaneiro 2003) para alumnado con NEE; e na Orde do 28 de Outubro de 1996 (DOG 28 novembro 1996) para alumnado con altas capacidades.
- e- Medida de escolarización combinada ou de cambio de modalidade de escolarización.

A familia deberá manifestar por escrito a súa conformidade ou non coa medida proposta, podendo do mesmo xeito facer constar aqueles feitos que estime relevantes.

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O seguimento e a avaliación de todos os elementos do plan constitúen un proceso básico no axuste e na mellora da atención á diversidade.

Este Plan de Atención a Diversidade é un documento flexible, aberto as modificacións que xurdan en función de cambios lexislativos, resultados da avaliación anual, etc.

Este plan xeral de atención á diversidade será avaliado a nivel de ciclos, DO e CCP. Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, a xefa do departamento de orientación elaborará a correspondente memoria do plan xeral de atención á diversidade, recollendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do departamento de orientación e, por conseguinte, á memoria anual do centro.

Proceso de seguimento:

- Trimestralmente farase un seguimento do plan:
 - Análise e avaliación nas reunións de ciclo e no DO. Cada coordinador de ciclo

exporá as súas conclusións referidas ás distintas actuacións expostas no plan, a adecuación das programación e recursos á diversidade do alumnado.

- Posta en común no DO e na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro de profesores para o seu coñecemento, se procede.
- O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do plan xeral de atención á diversidade.

Protocolo para a avaliación do PAD:

- Identificación e valoración das necesidades
 - Grao de adecuación dos procedementos realizados para a detección.
 - Identificación de necesidades non previstas no PAD
 - Propostas de mellora
- Obxectivos do PAD
 - Cumprimento
 - Grao de adecuación
 - Propostas de mellora
- Medidas ordinarias de atención á diversidade:
 - Cumprimento
 - Grao de adecuación
 - Propostas de mellora
- Medidas extraordinarias de atención á diversidade:
 - Cumprimento
 - Grao de adecuación
 - Propostas de mellora
- Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas:
 - Autoavaliación dos profesionais en relación ás medidas deseñadas:
 - Cumprimento
 - Grao de adecuación
 - Propostas de mellora
- Mecanismos de coordinación e colaboración internos:
 - Cumprimento
 - Grao de adecuación
 - Propostas de mellora
- Canles de colaboración coas nais, pais ou tutores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
 - Cumprimento
 - Grao de adecuación
 - Propostas de mellora